

Follas do Cineclub | 21/03/2018

Rocío

(Rocío, Fernando Ruiz Vergara, Estado Español, 1980, 80', VO)

03

A visión histórica e antropolóxica da famosa romaría andaluza do Rocío, plasmada nun magnífico documental de 78 minutos, foi obxecto dunha grande polémica nos anos da Transición. Bastaba mencionar a estreita relación da Igrexa e a irmandade rocieira cos tráxicos sucesos nos anos da guerra civil e poñerlle nome e rostro a algunhas das vítimas e vitimarios locais da represión¹ para que se puxesen en marcha os mecanismos de persecución e fustigamento de certos sectores reaccionarios da sociedade andaluza e do poder xudicial contra a obra creativa dun novo realizador. A crónica resumida do proceso xudicial á que se viu sometido o filme *Rocío*, pon de manifesto as carencias democráticas da tan propagada Transición que impide, a través da censura, a posibilidade de que emerxan libremente as lembranzas dos vencidos que poidan permear nunha sociedade cunha infranqueable memoria oficial herdeira do franquismo.

Rocío é un documental rodado en 1977, dirixido por Fernando Ruiz Vergara, con guión de Ana Vila e interpretada, como dicía o cartaz, «por homes, mulleres e nenos do Pobo Andaluz». O filme estréase en xullo de 1980 no Cinema Belas Artes de Donosti, aínda que para a estrea con carácter de *première* mundial figure a significativa data do 18 de xullo no Cinema Astoria de Alacante. A publicidade sobre a película inserta nos medios dicía así: «*Non se trabuque, Rocío non é pandeireta, Rocío non é a española, Rocío non son as folclóricas, Rocío é unha rabiosa aspiración de verdade, que vostede comparte. Rocío é o sentir dun pobo no seu grito de liberdade. Rocío é a España que algúns quixeron ignorar*». E tamén: «*Rocío é mito, esperanza, multitude. Rocío, un verdadeiro ritual de rebelión. Rocío é a primeira película universalmente andalucista*». O filme foi seleccionado ese ano polo Ministerio de Cultura para participar no Festival de Cinema de Venecia xunto con *Ópera Prima* de Fernando Trueba. Con todo, non logra estrearse en Andalucía ata meses despois, como tería sido o lóxico e desexable para o director, que denuncia aos medios a negativa dos exhibidores para que sexa proxectada nas salas. O 22 de outubro de 1980, preséntase no marco do I Festival Internacional de Cinema de Sevilla, onde gaña o Certame de Cinema Andaluz.

O documental non deixa a ninguén indiferente e xera grandes controversias. No diario decano da prensa sevillana, *El Correo de Andalucía*, aparece un artigo que firma o xesuíta José A. de Sobrinos co significativo título «A mala sombra do Rocío». Nel se apunta o seguinte: «*Resulta que iamos ver un filme do Rocío e largáronnos un mitin político e anticlerical, que remata cun canto ás mans dos traballadores que teñen que acadar a liberdade [...] ¿A que veñen esas lembranzas das crueldades da Guerra Civil nun bando? ¿É que non as houbo nos dous? ¿Non sería máis español e máis democrático non revivir escenas lamentables do pasado?*». O xesuíta crítico de cine tal vez ignoraba que en Almonte, a localidade á que se fai referencia no filme, non houbo represalias contra as xentes de dereitas, e en toda a provincia de Huelva o número de vítimas causadas pola esquerda é de 145, por máis de 6019 causadas polos sublevados segundo os rigorosos estudos de Francisco Espinosa e José María García Márquez. Estas proporcións tan dispares pódense extrapolar perfectamente a toda a baixa Andalucía e mesmo a toda Andalucía, se se quere, como contexto xeográfico e sociocultural da romaría²

Por outra banda, o antigo diario local do Movemento Sur/Oeste (23-X-80) titula unha nota «A *Rocío* sobráronlle as palmas» e dise, na mesma tónica que o anterior: «*Xunto a partes de inestimábel valor, pola súa fisicidade, inmediatez e áxil visión do problema no seu conxunto, temos outras enormemente prexudicadas por unha innecesaria énfase no ataque, a veces infantil e decididamente panfletario, a institucións e poderes como a Igrexa, os terratenentes en xeral, os falanxistas, as dereitas e, nunha palabra, o franquismo, ao que se lle acusa de manipular o tema do Rocío para o seu proveito*».

O filme *Rocío* logra mobilizar todas as presións das xerarquías eclesiásticas e conservadoras andaluzas ata acadar que non fose exhibida nun só cinema do sur peninsular. Prohibida *de facto* en Andalucía, estréase no cinema Belas Artes de Madrid o 4 de febreiro de 1981 coa presenza de políticos, escritores e poetas andaluces afincados na capital como Alfonso Guerra, Antonio Gala, Fernando Quiñones, José Caballero Bonald, José Hierro ou Antonio Hernández entre outros. A cinta adquire un enorme eco mediático que favorece a extensión da polémica.

O 23 de febreiro de 1981, o mesmo día que un grupo de gardas civís armados ao mando do tenente coronel Antonio Tejero Molina irrompía no Congreso dos Deputados e que os tanques do Capitán Xeneral Jaime Milans del Bosch y Ussía tomaba as rúas de Valencia, os irmáns José María, Manuel, Pilar, Juana, Josefa e Teresa Reales Cala, veciños de Almonte, presentan no xulgado de Sevilla unha querela criminal polos delitos de inxurias graves, escarnio da relixión católica e ultraxe público das cerimoniais que na honra da Virxe do Rocío se celebran durante a súa tradicional romaría, contra o director do filme, a guionista Ana Vila, o responsable da casa distribuidora e contra o ancián almonteño que intervéñen na cinta, Pedro Gómez Clavijo. As inxurias graves cométese ao imputarse ao falecido José M^a Reales Carrasco, pai dos

OUTRAS VÍTIMAS DA TRANSICIÓN. PERSECUCIÓN, SECUESTRO E CENSURA DO FILME ROCÍO DE FERNANDO RUIZ VERGARA

ÁNGEL DEL RÍO SÁNCHEZ

denunciante, o ter asasinado a paus en agosto de 1936 a veciños de Almonte. No filme Gómez Clavijo declara que «o xefe desta banda de asasinados» mataba a paus aos detidos, e cando a testemuña vai pronunciar o nome do citado xefe, o son desaparece e reproducése unha fotografía de José María Reales cun rectángulo negro cubríndolle os ollos. Os familiares persoáronse na estrea de Madrid «e comprobaron con inmensa indignación as importantes e desprezables inxurias, presentando conseguintemente a correspondente querrela criminal. Tamén se expresa nela que Rocío só resalta o malo da romaría, converténdose nun libelo indecente, sen recoller o positivo desta.»³.

Como consecuencia desta querrela, o xuíz instructor de Sevilla nº 2 prohíbe a exhibición do filme en toda España o 8 de abril de 1981 e procédese ao seu secuestro. É a primeira vez que un xulgado secuestra unha película en España despois de que se aprobase a Constitución e desaparecesen os mecanismos de censura previa en materia de cinema. Curiosamente, un día despois da prohibición, e por iniciativa dun dos asesores científicos do documental, o antropólogo sevillano Isidoro Moreno, proxéctase en Madrid no marco do II Congreso de Antropoloxía do Estado español.

O secuestro deste filme foille comunicado ao alcalde comunista da localidade sevillana de Pilas, moi próxima a Almonte e de forte tradición rocieira, onde se ía proxectar o día 10 de abril. O diario El País a través do seu correspondente José Aguilar informa ese día «... a querrela é indicativa do profundo malestar orixinado nalgúns sectores sociais da baixa Andalucía pola película en cuestión e, en xeral, do tabú que encobre aínda nesta rexión a todo o que se relacione co Rocío desde unha perspectiva crítica. De feito, deuse o caso dunha recollida de trescentas firmas en Pilas en oposición a que a película fose proxectada e, a outro nivel, os axentes andaluces da compañía distribuidora recibiron graves ameazas se procedían a comercializala nos cinemas de Sevilla, Cádiz ou Huelva, as tres provincias máis conectadas coa romaría».

Ao día seguinte o mesmo diario aclara que a iniciativa da recollida de firmas «xurdiu despois de que a Irmandade do Rocío de Pilas tratase de convencer ao Concello de que o filme non debía ser proxectado». Entre as razóns esgrimidas pola Irmandade estaba a suposta ameaza da Irmandade de Almonte de volver de costas á Virxe ao seu paso pola casa de Pilas no Rocío, durante a tradicional procesión. Aparte desta advertencia, o propietario do cinema Murillo, onde estaba programada Rocío, recibiu durante varios días numerosas ameazas de danos ao seu local e á súa persoa. A citada recollida de firmas provocou, por outro lado, unha recollida de sentido contrario, esixindo a proxección da película. O concello pileño contaba con seis concelleiros do PCA, cinco de UCD e dous do PSOE.

Nun principio o xuíz desestima por completo a imputación de escarnio á relixión católica -«os temas relixiosos están tratados con respecto», afirmase textualmente- e o secuestro preventivo ditado o 8 de abril limitase ás provincias de Sevilla, Cádiz e Huelva. Os procesados (director, guionista e veciño de Almonte) quedan en liberdade provisional (exímese de responsabilidade ao distribuidor), debendo comparecer no xulgado os días 1 e 15 de cada mes e facer a unha fianza de cinco millóns de pesetas. Segundo o xuíz, estes feitos poden ser constitutivos dun delito de inxurias graves e conteñen indicios racionais de criminalidade, declarando competentes aos herdeiros de Reales para presentar a querrela, posto que Rocío «trátaos como fillos do xefe dunha banda de asasinados». Máis adiante subliña que «a vivencia da derradeira Guerra Civil española é tan forte que impide considerar os feitos ocorridos na mesma como pertencentes á historia». Os procesados, pola súa parte, recorren contra o auto xudicial e apenas dous meses máis tarde, en xuño, o xulgado de Instrución sevillano ordena o secuestro do

filme en todo o territorio estatal. Como consecuencia desta medida deberán ser retiradas as copias deste filme que se estaban proxectando en cinemas de Madrid, Valencia e Málaga⁴.

Un ano despois, a metade de xuño de 1982, mentres en Andalucía se constituía o primeiro parlamento autonómico da súa historia, celébrase na Sección Segunda da Audiencia Provincial de Sevilla, cunha enorme expectación, o xuízo por un presunto delito de inxurias graves contra os responsables do filme Rocío. Houbo pregos de firmas e telegramas de numerosos intelectuais, xornalistas e cidadáns en solidariedade cos encausados e pola liberdade de expresión. Na providencia ditada para fixar a data do xuízo, a Audiencia desestima as probas propostas polos avogados defensores dos acusados, entre elas o testemuño directo de 17 anciáns, veciños de Almonte, dispostos a certificar a veracidade das palabras de Gómez Clavijo e as declaracións periciais dos historiadores Ian Gibson e Antonio Elorza e os cineastas Pilar Miró e Luis G. Berlanga.

O xuízo concibiuse como unha pugna aberta entre o dereito e a «honra ultraxada» de José M^a Reales «cabaleiro español e católico» como o definía un dos seus fillos, e a liberdade de expresión. O fiscal pedía para o director e a guionista un ano de prisión menor e catro con petición de indulto, por ter antecedentes penais (dous anos vinte! para o veciño Pedro Gómez Clavijo que contaba neses momentos. A acusación particular pedía seis anos. Ademais, a prohibición da exhibición da cinta coa foto do suposto inxuriado, o pago dunha multa e unha indemnización á familia de 6 millóns de pesetas que a acusación privada elevaba a 25 millóns, ademais de pedir o desterro para os encausados.

Talvez un dos episodios máis dolorosos do xuízo foi o feito de que o propio Pedro Gómez Clavijo, debido a todo o inferno que estaba sufrindo, chegase mesmo a dudar da súa participación no filme. O seu avogado defensor, Antonio Mate, intervéñ con estas significativas palabras, tal e como recolle a crónica de El Correo de Andalucía do 17 de xuño de 1982: «Naturalmente, Pedro Gómez Clavijo non veu nunca que José M^a Reales matase a ninguén cunha porra desde o cabalo, porque tivese sido ou da banda ou dos mortos. Pero sábeo, e así contou no seu momento, porque ten a idade para sabelo, o mesmo que eses 17 anciáns que onte quedaron na porta desta Sala para confirmar as manifestacións do meu defendido, e que viñeron sen ter sido sequera citados; pero esta proba négósenos entendendo o tribunal que a Sala non reunía condicións para ver previamente o filme onde Pedro Gómez aparece como relator destes feitos. Aquí estase enxuizando non a Pedro, senón á fonte oral da historia, aínda que me temo que a partir de agora eses veciños de Almonte van contar menos cousas das que saben pola mesma razón que Pedro Gómez emudeceu: o medo que lle fixo negar a súa propia imaxe». A este comentario, o avogado da acusación particular, Bernardo Botello, ironizou dicindo que o señor Gómez Clavijo era, por fin, «unha fonte oral da historia».

O 21 de xuño, a Audiencia Provincial de Sevilla condena a Fernando Ruiz Vergara, director do filme Rocío, a dous meses e un día de arresto maior, 50.000 pesetas de multa e unha indemnización de 10 millóns de pesetas en concepto de responsabilidade civil, por un delito de inxurias graves contra José María Reales. Ao mesmo tempo, prohibese a proxección e distribución de Rocío en tanto non se supriman do filme varias expresións sobre a actuación de Reales durante a Guerra Civil española, así como a escena na que aparece unha fotografía súa cos ollos tapados por un rectángulo negro. Finalmente, o veciño Gómez Clavijo e a guionista Ana Vila foron absoltos polo tribunal.

O director recorre esta sentenza ante o Tribunal Supremo e a acusación privada manifesta facer o mesmo.

Fernando Ruiz rexeitou tallantemente calquera posibilidade de facer cortes na cinta para que sexa posible a súa exhibición, de acordo coa sentenza. «*Négome en redondo, non o acepto*», indicoulle á prensa.

Transcorrido máis de ano e medio, co filme sen poder exhibirse, o Tribunal Supremo, tendo como poñente a Luis Vivas Marzal, confirma a sentenza da Audiencia de Sevilla o 3 de febreiro de 1984. Este Maxistrado, entusiasta defensor do réxime franquista como e mesmo chegou a declarar⁵, e que adquiriu notoriedade poucos meses despois, por condenar a unha muller que practicaba o nudismo nunha praia do norte peninsular⁶, afirma na sentenza: «*Que na película cinematográfica de autos, o propósito de vilipendio, agravio e escarnecemento do defunto Sr. R. non só transluce, senón que transparente e ata rezouma, por así dicilo, no factum da sentenza recorrida, pois ben é certo que, a finalidade aparente de Rocío é exclusivamente a documental referida ao entorno histórico, sociolóxico, cultural, relixioso, ambiental e ata antropolóxico, da romaría do Rocío, pronto aflora unha inoportuna e infeliz lembranza de episodios sucedidos antes e despois do 18 de xullo de 1936, nos que se escarnece a un dos bandos contendentes, esquecendo que as guerras civís, como loita fratricida que son, deixan unha estela ou rastro sanguento e de feitos, unhas veces heroicos, outras reprobables, que é indispensable inhumar e esquecer se se quere que os superviventes e as xeracións posteriores á contenda, convivan pacífica, harmónica e conciliadamente, non sendo atinado avivar os rescaldos desa loita para espertar rancores, odios e resentimentos adormecidos polo paso do tempo, sen que, o dito, obste a que relatos rigorosamente históricos, imparciais e non destinados ao común das xentes, faganlle honra ao adagio De ómnibus aut veritas aut nihil, cunha finalidade exclusivamente crítica e científica e de matiz obxectivo e testemuñal*».

O filme volve exhibirse, por fin, nas salas en 1985, cinco anos despois da súa estrea, con preto de tres minutos censurados en dous cortes onde aparece o número do decreto censor sobre unha pantalla negra. Nos anos noventa foi emitida nas televisións públicas, española e andaluza, en horario de madrugada e coa supresión dos planos onde aparecía a pantalla negra facendo mención á censura, evitando así o impacto que dita imaxe causa entre os espectadores. A censura non só perdurou, senón que, aínda peor, a súa pegada foi perversamente borrada sen o consentimento do autor, amosando como natural un produto por dúas veces cerceado.

En marzo de 2005 rebrota novamente a polémica en torno a *Rocío* con motivo dunhas xornadas que a Asociación Memoria Histórica e Xustiza de Andalucía celebraba en Huelva coa proxección do documental e a presenza do seu director. A Irmandade do Rocío, o Partido Anda-

lucista de Almonte⁸ e a familia Reales erixíronse, unha vez máis, nos depositarios das esencia e as boas tradicións, arremeteron con virulencia contra o filme porque «*dana a imaxe do Rocío e a dos almonteños*» e «*vencella a Romaría coa represión franquista*»⁷. Cabe sinalar que o PA caracterizouse ao longo da súa historia por un alto grado de inconcreción ideolóxica en diversas materias. A recuperación da memoria histórica é unha delas: existen agrupacións locais, como Almonte, con posicións moi hostís ao seu desenvolvemento e outras totalmente favorables.

Non é este o lugar para facer balance do que supuxo esta censura en distintos niveis: na prometedora carreira creativa do seu director que abandonou España para auto-exiliarse en Portugal; e no desenvolvemento do cinema documental deste xénero. En calquera caso, sintonizámos plenamente coa opinión de Juan José Vázquez, que foi testemuña directa do proceso sufrido polo filme *Rocío* desde a súa xénese: «*A transición puña coto non só á posibilidade de falar abertamente do noso tráxico pasado, senón tamén condenaba ao silencio a aquelas iniciativas que desde plataformas non tuteladas intentaban abrirse pasado trala longa noite do franquismo*»⁸.

1 En Almonte as forzas golpistas asasinaron a 99 homes e unha muller. *Rocío* é un dos primeiros documentos onde se homenaxea pública e nominalmente ás vítimas do fascismo de 1936.

2 Ver Francisco Espinosa (2008) *Informe de la represión franquista. Estado de la cuestión en la sección de Documentos de www.todoslosnombres.org*

3 ABC de Sevilla, 11-4-1981.

4 *El País*, 12-6-81.

5 Entrevista no diario *Línea* de Murcia o 25 de outubro de 1976.

6 En http://www.identidades.org/pasado/sentencia_nudismo.htm#arriba pode consultarse a sentenza ditada o 2 de maio de 1984.

7 A polémica canalizouse a través dos medios de comunicación (prensa escrita, radio e televisión) da provincia de Huelva nos derradeiros días de marzo de 2005.

8 Juan José Vázquez Avellaneda "Un Jantar en torno a Rocío", dispoñible en: <http://www.bibarquitectura.us.es/cine/resenas/rocio/unjantar.pdf>

CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAR
2018

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
[facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela)
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

7 DE MARZO

Nacidas nas chamas
(Born in flames, Lizzie Borden, EUA, 1983, 80', VOSG)

Sesión especial previa á folga feminista

21 DE MARZO

Rocío
(Rocío, Fernando Ruiz Vergara, Estado Español, 1980, 80', VO)

14 DE MARZO

A guerra
(The War, James Benning, EUA/Rusia, 2012, 56', VOSG)